

## INSTRUCCIÓN INFORMATIVA SOBRE O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS (Procedementos TR351A, TR351G e TR351F)

Esta instrución é de aplicación ás seguintes Ordes:

- [ORDE](#) do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351A).

- [ORDE](#) do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022 (código de procedemento TR351G).

- [ORDE](#) do 7 de xaneiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento TR351F).

Coa fin de **unificar os criterios interpretativos e, en definitiva, de facilitar e axilizar a xestión do procedemento de selección** para as entidades beneficiarias das axudas, no uso das facultades atribuídas na disposición derradeira primeira da s ditas ordes , dítanse as seguintes

### INSTRUCCIÓNS:

Prégase ás entidades beneficiarias a lectura detida destas instrucións, podendo ampliar información sobre o mesmo no Servizo de Programas de Cooperación da Subdirección Xeral de Emprego.

#### PRIMEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS A SELECCIONAR

De acordo co previsto nos artigos 14 e do artigo 13 (para o caso das contratacións de persoas beneficiarias da RISGA) das correspondentes bases reguladoras, as persoas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir os seguintes requisitos:

##### a. Requisitos xerais para todos os programas:

Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, así como dispoñibles para o emprego.

##### b. Requisitos específicos para cada programa:

###### b.1. TR351A (Programas de cooperación coas entidades locais):

Non ter sido contratadas por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas (TR351A, TR351B, TR351F, TR351G, TR352A, TR352B e TR352C).

###### b.2. TR351G (Aprol rural):



Coa excepción dos concellos rurais de menos de 2.000 habitantes<sup>1</sup>, non ter sido contratadas por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas (TR351A, TR351B, TR351F, TR351G, TR352A, TR352B e TR352C).

b.3. TR351F (Risga):

Ser perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga).

Todos estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Cómpre ter en conta que, de acordo cos mesmos artigos, **será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar** que as persoas seleccionadas cumpren os anteriores requisitos.

## SEGUNDA.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

A entidade local beneficiaria deberá solicitar as persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación dunha oferta de emprego específica nunha oficina de emprego da Xunta de Galicia.

Nos programas de contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia, a selección das persoas traballadoras que se contraten será realizada por un grupo mixto, constituído para tal fin por representantes da Consellería de Emprego e Igualdade, da entidade beneficiaria e dos equipos de inclusión socio laboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, cando o ámbito territorial da entidade beneficiaria estea comprendido dentro das súas demarcacións para a intervención, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

As actuacións do dito grupo mixto de selección xestionaranse empregando, **preferiblemente, medios electrónicos non presenciais.**

As ofertas de emprego (que terán en conta os criterios de prioridade e ordenación de candidatos establecidos en cada convocatoria), tramitaranse do seguinte xeito:

1º. A entidade beneficiaria, coa suficiente antelación para que a oficina de emprego poida tramitala (con carácter xeral, 15 días hábiles antes da data prevista de contratación), presentará a oferta de emprego, **xunto coa solicitude e anexos, de ser o caso, debidamente corrixidos**, ademais da correspondente **notificación da resolución e os anexos de concesión da subvención.**

2º. A presentación poderá realizarse:

a. A través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, procedemento [PRO04A](#). Neste caso, dirixirá a solicitude á xefatura territorial da consellería correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (Oferta de emprego\_Programas de cooperación) e a oficina de emprego de destino, á que a xefatura reenviará a documentación a través do Rexel.

b. A través de correo electrónico dirixido á oficina de emprego.

O directorio de oficinas de emprego e os seus datos de contacto está dispoñible no seguinte [enlace](#).

1 *Datos padrón habitantes IGE 2021*



3º. A oferta deberá tramitarse pola oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado. Cando unha entidade dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, poderá concentrar a tramitación de todas as ofertas na oficina á que lle correspondan máis postos de traballo ofertados.

4º Presentarase unha oferta por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios establecidos na citada instrución primeira, ou se trate de favorecer aos colectivos enumerados na mesma.

Non poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

5º. Nas ofertas que se tramiten **admitirase a vinculación nominal de persoas candidatas, previa autorización expresa da correspondente xefatura territorial**, nos seguintes casos:

- TR351A (Programas de cooperación coas entidades locais), cando se trate de seleccionar mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados por traballadores sociais, se é o caso.

- TR351G (Aprol rural), cando se trate de seleccionar a persoas que acrediten a pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social.

- TR351F (Risga), logo da acreditación da condición de persoa beneficiaria da Risga por parte da entidade solicitante.

6º. O número de persoas candidatas que as oficinas de emprego proporcionarán por posto de traballo ás entidades beneficiarias será, sempre que sexa posible, non inferior a dúas nin superior a dez, agás que a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

7º. A oficina de emprego, unha vez realizada a sondaxe e comprobada a dispoñibilidade das persoas candidatas, remitirá á entidade beneficiaria o currículo das persoas candidatas dispoñibles, por medio de correo electrónico ou Notific@.

Do mesmo xeito, a xestión de incidencias (xustificación e solicitude de máis candidatos, cambios de ocupación debidamente autorizados pola xefatura territorial...), efectuarase igualmente por medios electrónicos.

8º. A entidade deberá notificar á correspondente oficina de emprego a selección definitiva ben por correo electrónico ou a través da sede electrónica.

A directora xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social  
Covadonga Toca Carús  
(*asinado dixitalmente*)

